

Máis de 300 aperturas nos últimos cinco anos**EROSKI INAUGUROU 53 FRANQUÍAS NO EXERCICIO 2024**

- O investimento global en 2024 superou os 8 millóns de euros e xeráronse 333 postos de traballo
- No 2024, EROSKI foi recoñecida co premio á "Mellor Franquía" na categoría "Franquías de Supermercados de Proximidade" nos galardóns "Comercio do Ano 2024-2025", amais de recibir o premio á "Franquía con Mellor Traxectoria" outorgado pola AEF

Elorrio, 20 de febreiro do 2025.- [EROSKI](https://www.eroski.es) inaugurou 53 franquías no 2024, cun investimento global superior aos 8 millóns de euros e coa creación de 333 novos postos de traballo. Esta expansión, sumada á transformación da súa rede de tendas propias, reforza o impulso do modelo comercial 'Contigo' que caracteriza os establecementos EROSKI.

As comunidades autónomas onde se concentrou o maior número de aperturas son Andalucía (17), Cataluña (13), Madrid e País Vasco (5). Séguenas Castela León (4), Navarra (3), A Ríoxa (2) e Castela-A Mancha, Galicia, Valencia e Xibraltar (1).

EROSKI mantén o sólido ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, con máis de 300 inauguracións no últimos cinco anos. Ao longo do exercicio 2025, a compañía prevé abrir 54 novas franquías, continuando deste xeito a expansión da súa rede cun enfoque estratéxico en Cataluña, País Vasco, Andalucía, Madrid, Castela-A Mancha, Baleares, Galicia e Levante, para os vindeiros anos

"Estamos moi satisfeitos coa evolución da nosa rede franquizada, que supera os 600 establecementos. Acadamos os principais obxectivos, non só en termos de crecemento en vendas e rendibilidade, senón tamén no número de aperturas. Neste contexto, afrontamos con optimismo o novo exercicio e reafirmamos o noso compromiso de seguir a apoiar e acompañar os nosos franquizados", destaca o director de Franquías de EROSKI, Alberto Cañas.

Formatos comerciais

As franquías de EROSKI responden ao modelo comercial "Contigo", que integra todas as características, avances e vantaxes da súa rede de tendas propias. Este modelo destaca pola súa firme aposta polo produto local e rexional, pola promoción dunha alimentación saudable, polo compromiso co aforro dos seus clientes e por unha sólida

EROSKI

Dirección de Comunicación
Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

responsabilidade social e ambiental, que se reflicte en iniciativas solidarias e na redución do impacto ambiental. Doutra banda, a franquía EROSKI está incorporada ao programa de fidelización do cliente EROSKI Club.

"En Franquías EROSKI seguimos a apostar pola innovación, colocando sempre as persoas consumidoras no centro da súa estratexia, ao ofrecermos solucións que facilitan e melloran a súa experiencia de compra. Nesta liña, continuamos evolucionando cun formato máis moderno e anovado, que destaca polo seu enfoque en produtos frescos e saudables, e adaptámonos así ás necesidades e novas tendencias de consumo", comenta o director de Franquías EROSKI.

Confianza dos franquizados

EROSKI aposta de xeito decidido por achegar ao mercado algo diferente en canto ao modelo de franquía que prima hoxe. *"Somos unha empresa de base cooperativa, de persoas traballadoras e de persoas consumidoras, con valores propios. Esta identidade permítenos comprender e atender mellor as necesidades dos nosos franquizados. Proba diso é que, segundo a última enquisa de satisfacción realizada no 2024, o 97 % deles valóranos positivamente",* destaca o director de Franquías de EROSKI.

"O 45 % da nosa rede de franquías actual pertence a multifranquiados, un indicador claro da solidez e da confianza que os empresarios depositan no noso modelo de negocio. Con máis de 45 anos de experiencia, este modelo optimizouse de xeito continuo e ofrece unha grande adaptabilidade, polo que funciona con éxito en diversas localizacións, desde centros urbanos ata gasolineiras e universidades. A preferencia dos nosos franquizados por seguir investindo nas franquías EROSKI reflicte non só a súa satisfacción, senón tamén o éxito e a robustez do noso modelo de negocio", subliña Alberto Cañas.

En EROSKI, o franquizado é o centro de todas as accións, xa que se lle recoñece como o principal motor de crecemento do negocio de EROSKI Franquías. Para brindarlle un apoio integral, a central proporciona un acompañamento e formación continuos, un servizo loxístico sen custo adaptado ás necesidades reais de cada tenda e unha avanzada solución informática que optimiza a xestión de todos os procesos do negocio.

"Contamos cun equipo de especialistas en vendas que realiza visitas regulares aos centros franquizados, ofrecendo atención personalizada. Ademais, implementamos estratexias para mellorarmos a xestión do supermercado e apoiámoslos coa

EROSKI

Dirección de Comunicación
Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

planificación e execución de campañas e promocións no punto de venda”, expresa Cañas.

Recoñecementos á mellor franquía

O ano pasado, EROSKI foi galardoadada co premio á 'Mellor Franquía' na categoría de 'Franquías de Supermercados de Proximidade' nos [premios 'Comercio do Ano 2024-2025'](#). Estes recoñecementos, outorgados polas persoas consumidoras, forman parte do maior certame de España e un dos principais estudos de mercado do sector *retail*. Ademais, EROSKI recibiu o premio á 'Franquía con Mellor Traxectoria' na edición celebrada este ano no Salón FrankiNorte de Vitoria, un galardón concedido pola [Asociación Española de Franquiadores](#) (AEF).

Igualmente, un dos franquitados de EROSKI foi recoñecido como o 'Mellor Franquiado do Ano' na categoría de alimentación, tamén pola AEF. Este premio destaca o seu labor cotián e como personifica os valores cos que EROSKI entende a franquía, reflectindo o esforzo na formación e no asesoramento continuo aos franquitados. Estes valores diferenciadores trasládanse con éxito a toda a rede, apoiados por un sólido plan de márketing para as franquías de EROSKI.

Convenios de colaboración

EROSKI mantén un convenio de colaboración coa [Confederación Española de Asociacións de Xoves Empresarios](#) (CEAJE) para apoiar e impulsar o emprendemento entre empresarios e autónomos novos. Con esta iniciativa, non só reforza o seu compromiso cos emprendedores, senón que tamén contribúe ao desenvolvemento da economía local nas distintas comunidades autónomas.

Así mesmo, EROSKI segue a ampliar o seu modelo de empregabilidade para persoas con discapacidade e reinserción social, unha iniciativa que comezou no 2015. Actualmente, conta con 10 tendas adaptadas a este modelo: catro no País Vasco en colaboración con [GUREAK](#), catro en Castela e León xunto a [SOLTRA](#) e dúas en Cataluña da man de [AMPANS](#) e [ENTREM](#).

EROSKI

Dirección de Comunicación
Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)